

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 9 de febreiro de 2022 pola que se modifica a Resolución do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos 6 vencellado á realización de instalacións de enerxías renovables térmicas no sector residencial, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422L e IN422M).*

O 9 de novembro de 2021, a Axencia Instituto Enerxético de Galicia publicou no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos 6 vencellado á realización de instalacións de enerxías renovables térmicas no sector residencial, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo (códigos de procedemento IN422L e IN422M), aprobados polo Real decreto 477/2021, do 29 de xuño.

O 30 de setembro de 2021 publícanse no *Boletín Oficial del Estado* a Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e a Orde HFP 1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e o formato da información que proporcionarán as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (BOE núm. 234).

O sistema ten como finalidade primordial a busca da uniformidade e a definición das formas e investimentos, fitos e obxectivos que integran o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, regulando aspectos como a loita contra a fraude, a corrupción e a identificación dos beneficiarios últimos das axudas, así como dos contratistas e subcontratistas.

Neste sentido, a Orde HPF 1030/2021, do 29 de setembro, establece no seu artigo 8 a obriga das entidades decisorias e executoras de incluír nas súas respectivas convocatorias de axudas unha serie de requisitos en relación coa identificación dos beneficiarios destas. O dito artigo dispón que: «Coa finalidade de dar adecuado cumprimento ao mandato establecido na letra d) do número 2 do artigo 22 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o



Mecanismo de recuperación e resiliencia, configúrase o seguinte procedemento de incorporación de información específica: (...)

d) Aceptación de cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (modelo anexo IV.B).

e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que poidan afectar o ámbito obxectivo de xestión (modelo IV.C) (...)».

Ademais, menciónase na orde a obriga de formalizar unha declaración de ausencia de intereses (DACI) polos beneficiarios que, dentro dos requisitos de concesión de axuda, leven a cabo actividades que presenten un conflito de intereses potencial que poida afectar os intereses financeiros da UE. Anexo III.C.1.b).ii e d).i).B.

O número 3.b) do artigo 9 da Orde 1030/2021, do 29 de setembro, sinala tamén que: «(...) Do mesmo xeito, todas as convocatorias, licitacións, convenios e resto de instrumentos xurídicos, que se desenvolvan neste ámbito, deberán conter tanto no seu encabezamento como no seu corpo de desenvolvemento a seguinte referencia «Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU».

Por outra parte, o artigo 10 da Orde 1031/2021, do 29 de setembro, establece para as entidades executoras do PRTR a obriga de achegar a información sobre a identificación do preceptor dos fondos e, entre outros datos, a data de nacemento, se é o caso.

En consecuencia, e para dar cumprimento ao establecido na devandita orde, e de conformidade coas facultades conferidas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co sinalado no Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia,

#### RESOLVO:

Primeiro. Modificar o título da Resolución do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos 6 vencellado á realización de instalacións de enerxías renovables térmicas



no sector residencial, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422L e IN422M), así como o seu primeiro parágrafo, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Resolución do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos 6 vencellado á realización de instalacións de enerxías renovables térmicas no sector residencial, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422L e IN422M).

As axudas desta convocatoria teñen como obxectivo o desenvolvemento de enerxías renovables, concretamente o desenvolvemento de enerxías renovables térmicas no sector residencial. Esta convocatoria ten o seu encaixe no Programa de incentivos vencellados á instalación de enerxías renovables térmicas no sector residencial, aprobado polo Real decreto 477/2021, do 29 de xuño, co obxecto de establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas, no marco dos obxectivos perseguidos polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e polo Plan nacional integrado de enerxía e clima (PNIEC) 2021-2030. Concretamente, estas axudas encaixan no Programa 6 deste real decreto».

Segundo. Modificar o artigo 8 da Resolución do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos 6 vencellado á realización de instalacións de enerxías renovables térmicas no sector residencial (códigos de procedemento IN422L e IN422M), que queda redactado nos seguintes termos:

«1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación (...):

h) Declaración de compromiso, de cesión e tratamento de datos e de ausencia de conflito de intereses, en relación coa execución e actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia derivada da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, anexo VIII».

Terceiro. Engadir un novo anexo VIII á Resolución do 28 de outubro de 2021, que figura como anexo á presente resolución e que comprenderá cada unha das declaracións nomeadas, así como a data de nacemento do solicitante ou beneficiario.



Cuarto. Esta orde será tamén aplicable ás solicitudes de axudas que xa estivesen presentadas no momento da súa entrada en vigor.

Para estes casos, no suposto de que se conceda a axuda, os beneficiarios deberán presentar a devandita declaración na fase de xustificación da axuda xunto co resto de documentación exixida no artigo 20 da convocatoria.

Quinto. Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2022

Paula María Uría Traba  
Directora da Axencia Instituto Enerxético de Galicia




**INSTITUTO  
ENERXÉTICO  
DE GALICIA**

## ANEXO III

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<b>PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES TÉRMICAS NO SECTOR RESIDENCIAL</b>	<b>IN422M</b>	<b>SOLICITUDE</b>

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO				

<b>E NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	
SEGUNDO APELIDO		NIF	

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave395 Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

<b>DATOS BANCARIOS</b>	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
IBAN	

<b>ENTIDADE COLABORADORA</b> (salvo tramitación directa)	
CÓDIGO ASIGNADO POLO INEGA NA ADHESIÓN	TELÉFONO
NOME DA ENTIDADE COLABORADORA	NIF

<b>DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO</b>	
<b>NATUREZA XURÍDICA DA PERSOA SOLICITANTE</b>	
<input type="checkbox"/> Persoa física que non realiza ningunha actividade económica pola que ofrezca bens e/ou servizos no mercado.	
<input type="checkbox"/> Entidades ou organizacións públicas ou privadas sen ánimo de lucro ou persoas xurídicas que non realicen ningunha actividade económica pola que ofrezca bens e/ou servizos no mercado que acrediten a posta á disposición de colectivos vulnerables de vivendas sociais.	
<input type="checkbox"/> Persoas físicas que realicen algunha actividade económica pola que ofrezca bens e/ou servizos no mercado e dadas de alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria.	
<input type="checkbox"/> Comunidade de propietarios regulada na Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal.	
<input type="checkbox"/> Entidades locais e sector público institucional de calquera Administración pública cando se poida excluír a existencia de axudas de Estado e, polo tanto, non realicen ningunha actividade económica pola que ofrezca bens e/ou servizos no mercado, estean considerados servizos de interese económico xeral ou as medidas carezan de impacto sobre o comercio entre Estados ao ter un impacto puramente local.	




**INSTITUTO  
ENERXÉTICO  
DE GALICIA**
**ANEXO III  
(continuación)**

LOCALIZACIÓN DA INSTALACIÓN PROXECTADA				
ENDEREZO DO PROXECTO (rúa, número):				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	PARROQUIA
COORDENADAS UTM X (ETRS 89):		COORDENADAS UTM Y (ETRS 89):		REFERENCIA CATASTRAL ONDE SE LOCALIZA A INSTALACIÓN:

DATOS XERAIS DO PROXECTO					
TÍTULO DO PROXECTO:					
TECNOLOXÍA RENOVABLE EMPREGADA (1):	<input type="checkbox"/> XEOTÉRMICA	<input type="checkbox"/> AEROTÉRMICA (aire-auga)	<input type="checkbox"/> BIOMASA	<input type="checkbox"/> HIDROTÉRMICA	<input type="checkbox"/> SOLAR TÉRMICA(2)
POTENCIA (kW) / SUP (m <sup>2</sup> )	kW		kW		m <sup>2</sup>
TIPO DE VIVENDA	<input type="checkbox"/> VIVENDA NOVA		<input type="checkbox"/> VIVENDA EXISTENTE		
	<input type="checkbox"/> UNIFAMILIAR				
	<input type="checkbox"/> PLURIFAMILIAR		Nº VIVENDAS:-----	Nº LOCAIS:-----	
TIPO DE ACTUACIÓN:	<input type="checkbox"/> NOVA	<input type="checkbox"/> SUBSTITUCIÓN	<input type="checkbox"/> AMPLIACIÓN	<input type="checkbox"/> HIBRIDACIÓN	
FONTE DE ENERXÍA OU COMBUSTIBLE EMPREGADOS ACTUALMENTE PARA SATISFACER AS DEMANDAS TÉRMICAS (só cando corresponda) (enerxía eléctrica, gas, gasóleo, etc.):					
CONSUMO ACTUAL DE ENERXÍA OU COMBUSTIBLE (só cando corresponda) (kWh, litros, kg):					

- (1) No caso da existencia de hibridación cubriranse as epígrafes correspondentes a cada tecnoloxía empregada.  
 (2) No caso de enerxía renovable solar térmica indicárase a superficie total de apertura dos paneis.

DESTINO DA INSTALACIÓN	
<input type="checkbox"/> AUGA QUENTE SANITARIA	
	<input type="checkbox"/> CHAN RADIANTE
<input type="checkbox"/> CLIMATIZACIÓN	<input type="checkbox"/> RADIADORES DE BAIXA TEMPERATURA
	<input type="checkbox"/> VENTILOCONVECTORES
	<input type="checkbox"/> OUTRO:
DEMANDA TÉRMICA DA INSTALACIÓN (kW):	SUPERFICIE ÚTIL QUE SE VAI CLIMATIZAR (m <sup>2</sup> )

OUTROS DATOS	
DESMANTELAMENTO DE INSTALACIÓN EXISTENTES	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
RETIRADA DE CUBERTA DE AMIANTO	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON




**INSTITUTO  
ENERXÉTICO  
DE GALICIA**
**ANEXO III  
(continuación)**

(CUBRIR NO CASO DE QUE SE TRATE DE INSTALACIÓNS XEOTÉRMICAS, AEROTÉRMICAS OU HIDROTÉRMICAS)

INSTALACIÓN XEOTÉRMICA / AEROTÉRMICA / HIDROTÉRMICA					
FABRICANTE:		MARCA:		MODELO:	
Nº DE EQUIPAMENTOS:		<input type="checkbox"/> INSTALACIÓN XEOTÉRMICA: <input type="checkbox"/> CIRCUÍTO ABERTO <input type="checkbox"/> CIRCUÍTO PECHADO		<input type="checkbox"/> INSTALACIÓN AEROTÉRMICA (tipoloxía aire/auga)	
<input type="checkbox"/> INSTALACIÓN HIDROTÉRMICA		POTENCIA (kW)		COP <sup>(1)</sup>	
CUALIFICACIÓN ETIQUETAXE ENERXÉTICA CALEFACCIÓN <sup>(3)</sup>		SPF <sup>(2)</sup>		CUALIFICACIÓN ETIQUETAXE ENERXÉTICA XERADOR AQS <sup>(3)</sup>	
OUTRAS BOMBAS DE CALOR EMPREGADAS (no caso de utilizar varios equipamentos de distintos modelos)				POTENCIA NOMINAL TOTAL (kW)	
ENERXÍA ANUAL ESTIMADA PRODUCIDA POLA INSTALACIÓN (kWh):					

(1) Indicar o COP para unhas temperaturas de ensaio de 0/35 °C para XEOTÉRMICA, 7/35 °C para AEROTÉRMICA, segundo a norma UNE-EN 14511.

(2) Xustificarse na memoria técnica. No caso das bombas de calor accionadas electricamente deberán ter un SPF superior a 2,5.

 (3) Seleccionar unha das seguintes cualificacións segundo proceda: A<sup>+++</sup>, A<sup>++</sup>, A<sup>+</sup>, A, B, C, D, E, F, G ou "Non procede"

INSTALACIÓN XEOTÉRMICA / AEROTÉRMICA / HIDROTÉRMICA

	CALEFACCIÓN	REFRIGERACIÓN	AQS
POTENCIA (kW)			
ENERXÍA ANUAL ESTIMADA PROPORCIONADA POLA INSTALACIÓN (kWh/ano)			
RENDEMENTO SPF			

CUBRIR NO CASO DE INSTALACIÓNS DE XEOTÉRMICA

	SISTEMA (ABERTO/PECHADO)	Nº DE SONDAXES	LONXITUDE DE SONDAXE (m)
CAMPO DE CAPTACIÓN			

(CUBRIR NO CASO DE QUE SE TRATE DE INSTALACIÓNS SOLARES TÉRMICAS)

CAPTADORES SOLARES			
FABRICANTE:		MARCA:	
MODELO:		Nº DE EQUIPAMENTOS:	
TECNOLOXÍA		<input type="checkbox"/> CAPTADORES PLANOS (CP) <input type="checkbox"/> TUBOS DE BALEIRO (TB)	
SUPERFICIE APERTURA UNITARIA (m <sup>2</sup> )		m <sup>2</sup>	
COEF. REND. η <sub>0</sub> :		COEF. REND. η <sub>1</sub> (W/m <sup>2</sup> ·K):	
COEF. REND. η <sub>2</sub> (W/m <sup>2</sup> ·K <sub>2</sub> ):			
OUTROS CAPTADORES UTILIZADOS (no caso de utilizar varios equipamentos de distintos modelos)			
POTENCIA DE XERACIÓN (kW) <sup>(1)</sup>			
ENERXÍA ANUAL ESTIMADA PRODUCIDA POLA INSTALACIÓN (kWh):			

 (1) No caso das instalacións solares térmicas, a potencia de xeración calcularase tendo en conta a ratio de 0,7 kW/m<sup>2</sup> área total do captador

	CALEFACCIÓN	REFRIGERACIÓN	AQS
ENERXÍA ANUAL ESTIMADA PROPORCIONADA POLA INSTALACIÓN (kWh/ano)			




**INSTITUTO  
ENERXÉTICO  
DE GALICIA**
**ANEXO III  
(continuación)**

(CUBRIR NO CASO DE QUE SE TRATE DE INSTALACIÓNS DE BIOMASA)

BIOMASA			
FABRICANTE:	MARCA:	MODELO:	Nº DE EQUIPAMENTOS:
TIPO DE EQUIPAMENTO XERADOR	<input type="checkbox"/> CALDEIRAS	<input type="checkbox"/> APARELLOS DE CALEFACCIÓN LOCAL	
PVP sen IVE (prezo de tarifa)	POTENCIA NOMINAL (kW)		
CUALIFICACIÓN ETIQUETAXE ENERXÉTICA CALEFACCIÓN <sup>(1)</sup>		RENDEMENTO (%):	CALOR ÚTIL XERADA ANUAL (kWh/ano):
COMBUSTIBLE PRINCIPAL QUE SE EMPREGARÁ:		NORMA APLICABLE <sup>(1)</sup>	CATEGORÍA
<input type="checkbox"/> Pélets	<input type="checkbox"/> Estelas		
<input type="checkbox"/> Óso de oliva	<input type="checkbox"/> Casca de froita		
CONSUMO ANUAL PREVISTO BIOMASA (kg/ano; litros/ano; etc.)			
ENERXÍA ANUAL ESTIMADA PRODUCIDA POLA INSTALACIÓN (kWh):			
<b>SISTEMA DE ALMACENAMENTO DE COMBUSTIBLE E ALIMENTACIÓN Á CALDEIRA</b> (Cubrir só no caso de caldeiras con alimentación automática de capacidade superior ou igual a 250 litros). Deberase xustificar a capacidade do silo con documentación técnica.			
<input type="checkbox"/> Silo de obra	Capacidade (litros): -----		
<input type="checkbox"/> Silo flexible	Capacidade (litros): -----		
<input type="checkbox"/> Contedor ou depósito	Capacidade (litros): -----		
<input type="checkbox"/> Moega	Capacidade (litros): -----		

(1) Para instalacións menores de 1 MW segundo a UNE-EN-ISO 17225, a norma UNE 164003 ou a norma UNE 164004, e para instalacións maiores ou iguais a 1 MW de non ser un combustible recollido na dita norma, deberá describirse.

	CALEFACCIÓN	REFRIGERACIÓN	AQS
ENERXÍA ANUAL ESTIMADA PROPORCIONADA POLA INSTALACIÓN (kWh/ano)			

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO E ESBOZO DOS EQUIPAMENTOS NO EDIFICIO E XUSTIFICACIÓN DA CALOR ÚTIL DEMANDADA
<i>Pode representar ou achegar noutro documento (memoria técnica tipo do Inega)</i>

ESQUEMA HIDRÁULICO DA INSTALACIÓN (só no caso de quentamento de auga)
<i>Pode representar ou achegar noutro documento</i>








**INSTITUTO  
ENERXÉTICO  
DE GALICIA**
**ANEXO III  
(continuación)**
**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación):**

10. Que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal se solicita a axuda.
11. Que a persoa solicitante asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.
12. Manter un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado que facilite unha posta de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta axuda e conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de 5 anos a partir do pagamento do saldo ou, na falta do dito pagamento, da operación. Este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.
13. Contar cunha garantía mínima de 5 anos para as instalacións de almacenamento.
14. O cumprimento do principio de non causar dano significativo a ningún dos obxectivos ambientais establecidos no Regulamento (UE) 2020/852, naquelas actuacións onde non se superen os 100 kW de potencia.
15. Que a entidade solicitante cumprirá as normas nacionais e comunitarias sobre requisitos de igualdade, ambientais e sobre desenvolvemento sustentable.
16. Que para aqueles casos en que a contía da axuda non exceda os 10.000 euros, que se encontra ao día do cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social e non ten débedas coa consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.
17. Que todos os combustibles que se van empregar teñen un valor por defecto de redución de emisións de GEI do 80 % ou superior segundo os indicados para produción de calor establecidos no anexo VI da Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018. No caso de instalacións de biomasa.
18. Que a persoa beneficiaria da instalación se compromete a manter, durante un prazo de cinco anos, un rexistro documental suficiente que permita acreditar que o combustible empregado no equipamento dispón dun certificado relativo ao cumprimento da clase A1 segundo o establecido na norma UNE-EN-ISO 17225-2, da clase 1 da norma UNE-EN-ISO 17225-4, da clase A1 da norma 164003 ou da clase A1 da norma 164004, no caso de aparellos de calefacción local ou caldeiras de menos de 1 MW, no caso de instalacións de biomasa.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

- Declaración de compromiso, de cesión e tratamento de datos e de ausencia de conflito de intereses, en relación coa execución e actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia derivada da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, anexo VIII.
- Tres ofertas de distintos provedores cando o investimento sen IVE da actuación que se subvenciona supoña un gasto para a persoa beneficiaria igual ou superior a 15.000 €.
- Unha oferta que avale o orzamento, cando o investimento sen IVE da actuación sexa inferior a 15.000 €.
- Esta documentación poderá substituírse polo borrador dos pregos de licitación correspondentes, no caso de destinatarios últimos suxeitos á normativa de contratación pública.

**OFERTAS SOLICITADAS (deben xuntarse as ofertas)**

PROVEDOR	MARCA E MODELO EQUIPAMENTO PRINCIPAL	ORZAMENTO (SEN IVE)

Empresa instaladora elixida:	Teléfono:	Criterio de elección:
------------------------------	-----------	-----------------------

- Declaración expresa motivada de non presentar as tres ofertas por non existir no mercado suficiente número de entidades que o subministrou ou presten polas especiais características dos gastos subvencionados.
  - Autorización para a representación anexo IV, no caso de ser necesaria
- Documentación adicional obrigatoria para as entidades ou organizacións públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, ou persoas xurídicas que non realicen ningunha actividade económica, deberá achegarse a seguinte documentación:**
- Documentación que acredite a súa constitución, se procede.
  - Declaración responsable sobre a posta á disposición de colectivos vulnerables de vivendas sociais, sen que xere algún rendemento económico, que se poida considerar actividade económica para os efectos da aplicación da normativa europea de axudas de Estado.
  - Acreditación do nomeamento da persoa representante da entidade
- |             | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
|-------------|--------|------------|-----|
| solicitante |        |            |     |




**INSTITUTO  
ENERXÉTICO  
DE GALICIA**
**ANEXO III  
(continuación)**

<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación):</b>			
<b>Documentación adicional obrigatoria para as comunidades de propietarios:</b>			
<input type="checkbox"/> Documento que acredite a súa constitución.			
<input type="checkbox"/> Acordo adoptado pola maioría legalmente establecida aceptando as bases da convocatoria, comprometéndose á execución das respectivas obras e facultando o presidente ou administrador de predios para formular a solicitude de subvención, deberán constar os compromisos asumidos por cada membro, así como o importe da subvención que se vaia aplicar a cada un deles.			
<input type="checkbox"/> Documento que acredite a representación con que se actúa	<b>ÓRGANO</b>	<b>CÓD. PROC.</b>	<b>ANO</b>
<b>Documentación adicional obrigatoria para as entidades locais e do sector público institucional de calquera Administración pública:</b>			
<input type="checkbox"/> Declaración responsable onde se acredite a súa adscrición, especificando se se refire á Administración xeral do Estado, á Comunidade Autónoma de Galicia ou a unha entidade local, onde declare que non desenvolve actividade comercial ou mercantil e que se vai destinar a axuda á realización de instalacións de xeración de enerxía térmica con fontes renovables en vivendas que sexan de propiedade pública e que se vai manter esta titularidade inalterada polo menos 5 anos desde a resolución de concesión da axuda.			
<input type="checkbox"/> Certificado do acordo adoptado polo órgano competente polo que se aproba solicitar a axuda regulada nesta convocatoria de axudas, se procede.			
<input type="checkbox"/> Certificación de que a entidade solicitante remitiu as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigado ao Consello de Contas, no caso das administracións locais. Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión das contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.			
<input type="checkbox"/> Acreditación do nomeamento da persoa representante da entidade solicitante	<b>ÓRGANO</b>	<b>CÓD. PROC.</b>	<b>ANO</b>
<b>Documentación adicional obrigatoria de carácter técnico</b>			
<input type="checkbox"/> Memoria técnica descritiva da actuación que se vai acometer segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega ( <a href="http://www.inega.gal">www.inega.gal</a> )			
<input type="checkbox"/> Proxecto ou memoria técnica onde se describan adecuadamente as actuacións que se van realizar e a situación de partida subscrita polo técnico competente ou empresa instaladora segundo proceda. Para as actuacións de xeotermia, hidrotermia e aerotermia, para as actuacións de biomasa, excepto a tipoloxía de biomasa aparellos de calefacción local, indicárase tamén a tecnoloxía, a marca e o modelo da caldeira que se vai instalar.			
<b>Documentación adicional obrigatoria para proxectos de biomasa</b>			
<input type="checkbox"/> Memoria asinada por un técnico competente independente que xustifique que para o dito combustible a redución de GEI é igual ou superior ao 80 %, no caso de que algún dos combustibles que se empregue non apareza no anexo VI da Directiva (UE) 2018/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018.			
<input type="checkbox"/> Acreditación por parte do fabricante do equipamento do cumprimento dos requisitos de eficiencia enerxética estacional e emisións para o combustible que se vaia utilizar, que non poderán ser menos exixentes que os definidos no Regulamento de ecodeseño en vigor (segundo corresponda, Regulamento (UE) 2015/1185 da Comisión ou Regulamento (UE) 2015/1189 da Comisión), no caso de aparellos de calefacción local ou caldeiras de menos de 1 MW.			
<input type="checkbox"/> Para instalacións de máis de 100 kW achegarase: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Plan estratéxico (orixe e lugar de fabricación dos compoñentes)</li> <li><input type="checkbox"/> Xustificación do principio de non causar dano significativo</li> <li><input type="checkbox"/> Acreditación do cumprimento de valorización do 70 % dos residuos de construción e demolición xerados pola obra civil.</li> </ul>			
<input type="checkbox"/> Outra documentación adicional que o interesado considere conveniente.			
<b>COMPROBACIÓN DE DATOS</b> Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.			<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social			o
Certificación de estar ao día do pagamento ca Consellería de Facenda da Xunta de Galicia			o
DNI/NIE da persoa solicitante			o
Consulta dos administradores da sociedade			o
DNI/NIE da persoa representante			o
<b>SENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.			<b>AUTORIZO A CONSULTA</b>
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT			o Si o Non
NIF da entidade solicitante			o Si o Non
NIF da entidade representante			o Si o Non
Certificado de alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores ou certificado de situación censual, expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, cando se trate de profesionais autónomos.			o Si o Non




**INSTITUTO  
ENERXÉTICO  
DE GALICIA**
**ANEXO III  
(continuación)**

<b>INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS</b>	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Enerxético de Galicia (Inega)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1., letras c) e e), do RXPd, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos segundo o disposto nos artigos 125, número 2, artigo 140, números 3 a 5, e anexo XIII, número 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos 6 vencellado á realización de instalacións de enerxías renovables térmicas no sector residencial, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422L e IN422M).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data



Instituto Enerxético de Galicia


**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**ANEXO VIII**
**DECLARACIÓN DE COMPROMISO, DE CESIÓN E TRATAMENTO DE DATOS E DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES  
(ORDE HPF/1030/2021) EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DO PRTR  
IN422M - PROXECTOS DE INSTALACIÓNS DE RENOVABLES TÉRMICAS NO SECTOR RESIDENCIAL**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	DATA DE NACEMENTO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

Na condición de beneficiaria ou representante da beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR, manifesta:

a) O compromiso da persoa/entidade que representa cos estándares máis exixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, comunicando, se é o caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente (DNSH polas súas siglas en inglés *Do no significant harm*) na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, se é o caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

b) Así mesmo, declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes puntos do artigo 22 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia:

1. A letra d) do número 2: «solicitar, para efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos seguintes:
  - i. O nome do receptor final dos fondos;
  - ii. O nome do contratista e do subcontratista, cando o receptor final dos fondos sexa un poder adjudicador de conformidade co dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
  - iii. Os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do receptor dos fondos ou do contratista, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
  - iv. Unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do Plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público das ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Número 3: «Os datos persoais mencionados no número 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, número 2, e 23, número 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme o marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

c) Que na actuación obxecto da axuda solicitada o beneficiario non está incurso en ningún conflito de intereses potencial que poida ir en contra dos intereses financeiros da UE.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data	,	de	de	

Instituto Enerxético de Galicia

